



CULLEREDO

CONCELLO

Por proposta dos servizos técnicos municipais establecense as normas de seguridade a fin de solicitar autorización para celebrar as fogueiras da Noites de San Xoán e San Pedro 2020. Dado que con motivo da crise sanitaria da COVID19 é necesario seguir as normas e medidas sociosanitarias que estableceron as distintas autoridades sanitarias e administracións públicas, o Concello de Culleredo, facendo o exercicio de responsabilidade que lle corresponde e de forma excepcional para este evento, **soamente autorizará a celebración de fogueiras/sardiñadas/grelladas/churrascadas ou similares en terreos de propiedade privada, quedando totalmente prohibida a realización das mesmas en espazos públicos, calquera que estes sexan.**

As solicitudes deberán presentarse a través da dirección de correo electrónico sanxoan2020@culleredo.es ou ben a través da sede electrónica do Concello. No caso de non ser posible por estos medios, tamén poderán presentarse persoalmente no Rexistro municipal, indicando expresamente o lugar de celebración, a persoa responsable da mesma e o teléfono de contacto.

Os establecementos de hostalaría deberán respectar escrupulosamente os termos contidos na súa licenza de actividade e as normas sociosanitarias vixentes nestes momentos.

En todo caso deberán seguirse as seguintes recomendacións:

1. As fogueiras non deben superar os 3 metros de alto e estarán separadas un mínimo de 2 metros das vivendas, galpóns ou construcións. Deben ter un perímetro de seguridade igual ou superior ao seu diámetro libre de vexetación ou outros elementos que poidan propagar o lume.
2. Non debe existir nas proximidades ningún cable que poida resultar afectado e as persoas organizadoras deben ter medios de control e extinción da fogueira proporcionados ás súas dimensións.
3. En caso da existencia de vento NON SE PODE prender a fogueira e, en caso de tela xa prendida, haberá que apagala. Non se abandonará a fogueira ata a súa total extinción.
4. Non se empregarán materiais combustibles que ardan con facilidade ou que na súa composición teñan produtos químicos que poidan emitir gases e fume tóxicos que contaminen o aire como madeiras pintadas, lacadas ou vernizadas, pneumáticos, plásticos, aceites, graxas, colchóns, sofás ou cadeiras. Tampouco se deben tirar ao lume botes, sprays ou latas xa que poden estourar.
5. Tampouco se poden empregar produtos acelerantes da combustión como gasolinas, alcohol, disolventes ou similares xa que son incontrolables e poden causar queimaduras.
6. Así mesmo queda prohibido o emprego de madeira de obra tipo palés ou mesmo mobiliario que poida conter cravos, grampas e/ou materiais sintéticos. Tampouco se deben tirar ao lume materiais lixeiros como papeis, cartón ou teas que poden elevarse ardendo e propagar o lume a outros lugares ou mesmo provocar queimaduras.
7. En caso de calquera incidente, haberá que poñerse en contacto co Servizo Municipal de Seguridade Cidadá no teléfono 981 67 77 55 ou a través do 112.
8. Este bando entrará en vigor no día de hoxe e terá vixencia ata o vindeiro 1 de xullo, ambos os dous días incluídos.

Culleredo a 17 de xuño de 2020
O Alcalde – Presidente

Asdo. José Ramón Rioboo Castro

bando da alcaldía